

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA CORPORACIÓN MUNICIPAL EN PLENO DESTE CONCELLO O DÍA VINTE E DOUS DE DECEMBRO DE DOUS MIL VINTE: -----

EXPTE. 2020008690

PRESIDENTE:

Telmo Martín González

CONCELLEIROS/AS:

- Juan Antonio Deza Otero (asist. telem)**
- María Paz Lago Martínez (asist. telem)**
- Daniel Arosa Dasilva (asist. telem)**
- María Deza Martínez**
- Marcos Guisasola Padín (asist. telem)**
- Flavia Besada Otero (asist. telem)**
- Oscar Vilar Sartages (asist. telem)**
- Jaime Leiro Otero (asist. telem)**
- Paula Martínez Santos (asist. telem)**
- Ainhoa Fervenza Celestino (asist. telem)**
- Marta Caneda Prieto (asist. telem)**
- Fernando Otero Montes (asist. telem)**
- Sandra Fernández Agraso (asist. telem)**
- Andrea Ucha Bouzada (asist. telem)**
- Yago Torres Pérez (asist. telem)**
- Vanessa Rodríguez Búa (asist. telem)**

INTERVENTOR XERAL:

José Juan Vidal Vilanova

SECRETARIO XERAL:

Angel Luis López Pita
=====

No despacho da alcaldía e por medios telemáticos a través da aplicación “Zoom” (vídeo conferencia, enlace: <https://us02web.zoom.us/j/81144360034>)

sendo as oito horas e dous minutos do día vinte dous de decembro de dous mil vinte. Baixo a Presidencia do Alcalde **TELMO MARTÍN GONZÁLEZ**, reuníronse os/as Sres./as. concelleiros/as que ao marxe se relacionan co fin de celebrar a sesión extraordinaria da Corporación Municipal en Pleno deste Concello, convocada para o día de hoxe en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión.-----



1º) EXPTE. NÚM. 2020000141: PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE A CONTINUIDADE DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DA CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DO CICLO DA AUGA. O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da Comisión de Asuntos Xerais de 17 de decembro de 2020.

Sra. Deza Martínez, voceira do Grupo Municipal do PP:

Ola, bos días a todos e a todas, como acaba de anunciar o secretario, neste punto propoñemos acordar a continuidade do servizo da concesión do ciclo da auga, como ben saben a concesionaria está incurso nunha situación de prórroga, despois de que se aprobase con anterioridade e que entrou en vigor o un de xaneiro deste ano, por tanto vencía esa prórroga o un de xaneiro de 2021 e, o que se pretende, é que se continúe coa concesión de servizos, isto amparado no Regulamento de Contratación de Corporacións Locais de xaneiro do ano 53, durante un período de seis meses, porque o goberno está a tramitar o estudo de viabilidade económica do futuro contrato de concesión do ciclo da auga, esta auditoría ou estudo de viabilidade económica do contrato do ciclo da auga, contratouse por parte do concello a inicios do ano 2020, está bastante avanzado o estudo e xa estudaron todos os pormenores do contrato que está agora mesmo en vigor e tamén teñen incorporado, nese estudo, a viabilidade económica do futuro contrato do ciclo da auga, non obstante, queda algunha cuestión que perfilar en materia do número de aboados e número de usuarios que fan uso deste servizo do ciclo da auga e, por tanto, non se pode, aínda, pechar ese estudo de viabilidade, que esperamos que se poida pechar a inicios deste ano 2021, grazas.

Sra. Rodríguez Búa, concelleira do Grupo Municipal Mixto:

Bos días a todos, neste caso dicir, novamente, o que xa manifestara en xaneiro do ano pasado, cando trouxestes este tema ao pleno anterior, no que se aprobou que se prolongase un ano mais, o cal finalizaba o 31 de decembro, xa, nese momento, díxose pola miña banda que era unha falta de xestión e de responsabilidade por parte do Concello, despois de 25 anos, sen que se tivese todo preparado para sacar a nova licitación, polo cal, se iso era válido fai un ano é, aínda, mais válido agora, sobre todo cando naquel momento, mesmo o alcalde, no propio pleno, chegou a dicir que: “se o 31 de decembro deste ano non se fai ben o traballo, o que non vai a pasar, o Concello tería que facerse cargo do servizo”, evidentemente se pasou e a pandemia terá culpa de moitas cousas, pero desta en concreto, que era unha cousa que se ten que traballar, que se tiña que ter traballado xa de antes e que se tiña que traballar desde os órganos internos do concello, os cales non pararon de traballar, entendo que a pandemia nisto non afectou, como se quere facer, vén ben dicir agora que é a pandemia, pero segue sendo unha irresponsabilidade non telo todo listo en xaneiro do ano pasado, polo cal, non telo listo en xaneiro deste ano, é dobre ou tripla responsabilidade, por tanto estamos ante unha nova mostra de como se fan as cousas por parte deste concello, xestión cero, todo a salto de mato, o que vai xurdindo e como se poida e remendando e, este, é un novo remendo, nada mais.

Sr. Torres Pérez, voceiro do Grupo Municipal Mixto:

Bos días a todos, eu vou votar a favor, porque non podemos estar sen ninguén, o Concello non se vai facer cargo, aínda que Telmo dixo que se se ía facer cargo, é imposible que o Concello, agora mesmo, se faga cargo, por iso é que vou votar a favor,



pero non escusa que isto xa tiña que estar mais que feito, sabendo o que acaba de dicir Vanesa, xa leva unha prórroga, agora unha concesión por seis meses, creo que é unha deixamento impresionante, pero bo, vou votar a favor e espero que antes dos seis meses salga pública unha licitación como é debido e se presente quen poida, quen queira e que gañe os que valoren os contratos, pero bo, vou aprobar.

Sra. Fernández Agraso, voceira do Grupo Municipal do BNG:

Bo día a todos e a todas, primeiro antes de nada, dicir que eu escoito entrecortado todo o pleno, non sei se me escoitades ben e non sei se isto acabará ben, porque temos fatal, aquí, internet, non temos fibra aínda, aproveitando para pedir fibra, para poder teletraballar ben, escóitolle entrecortado, pero bo, eu solto a parrafada e espero que me escoitedes. Efectivamente, levan vostedes tres anos para preparar este contrato, tempo mais que suficiente para telo rematado, algo que, como dicía a compañeira Vanessa, xa dixemos a principio deste ano, de que haber se era a última prórroga, de feito, daquela, non se lle podía chamar prórroga, agora, no informe, se que pon que é unha prórroga, era unha continuidade, non sabemos se é prórroga, bastante rolo foi aquela comisión por certo e, despois, o pleno, pola simple palabra prórroga, que non sabemos se se podía usar ou non, agora parece ser que se, como dicía, tempo mais que suficiente para ter feito ese prego de condicións, hai que facer un traballo para obter os resultados, nós imos votar a favor por responsabilidade, os veciños non poden quedar sen auga, evidentemente e non poden sufrir as consecuencias da inanición deste goberno con respecto do contrato da auga que, como repetimos, creo que tiveron tempo mais que suficiente para, agora, non ter que recorrer a unha lei do ano cincuenta e pico, para quitar as castañas do fogo, nada mais.

Sra. Fervenza Celestino, voceira do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE:

Bos días a todos e a todas, desde o Partido Socialista ímonos abster por responsabilidade, porque parece que dar un voto a favor neste caso, sería tanto como darvos o aprobado a unha xestión que, evidentemente, non se chegou a realizar en forma nin en tempo, tendo en conta que, se cadra, pode ocorrer que, en seis meses, teñamos que volver a ter outro pleno extraordinario para ver se a incompetencia á que estamos a nos sumir neste Concello, con respecto á xestión básica, se chega a facer. No seu momento se dixou que era por temas de que acababades de chegar ao goberno, que non tivestes tempo suficiente, cando xa levabades gobernando uns dous mais atrás e, neste caso, foi unha pandemia, se cadra, dentro de seis meses, volve a haber outra pandemia, volven recluír e estaríamos exactamente na mesma, son vostedes 10 concelleiros para traballar nun tema suficientemente importante, que son necesidades e competencias básicas deste Concello, que non estamos a falar nin de estacas, que para iso somos moi áxiles, nin pintar estradas, para iso somos moi áxiles, estamos a falar da auga do Concello, necesidade básica, competencia básica, non imos a votar a favor desde logo, por responsabilidade imos abster, porque entendemos que a auga hai que cubrila, pero non se trata, neste caso, de referendar a vosa acción política, non soamente estamos a falar diso, senón que estamos a falar dun informe, no que tanto o secretario como o interventor, opóñense directamente a que se faga agora unha prórroga de seis meses, porque practicamente estamos a incumplir a lei, segundo os informes que poñen eles, neste caso pon: *“a secretaria do concello informou negativamente a posibilidade dunha nova prórroga, e a intervención informou*



negativamente a posibilidade da mesma”, ou sexa que estamos realmente dicindo que non estamos a cumprir a lei, ou polo menos, os informes que están a constatar tanto o interventor como o secretario. Logo hai outra cousa que me chama moitísimo a atención, é que existe unha incapacidade manifesta neste concello para levar a cabo ningún tipo de negociación, que nos vai volver a levar a outra guerra, neste caso con Espina & Delfin, coa concesionaria, por non ser capaces de negociar e de tratar con eles cláusulas que tiñan que estar xa tratadas, que falaremos deste punto un pouco mais adiante, pero existe unha incapacidade manifesta de negociación, unhas clases de negociación, neste concello, aos concelleiros e ao señor alcalde viríalles moi ben, pídano aos Reis Magos ou a Papa Noel, nada mais.

Sra. Deza Martínez:

Eu, de verdade, paréceme que tantas barbaridades xuntas non se poden dicir, dicir que traemos un asunto ao pleno cos informes desfavorables do secretario e interventor, por favor, léanse os papeis, porque non se leron os papeis, ou sexa, os informes son favorables e falan claramente dunha continuidade do servizo, falan claramente en que se ampara esa continuidade do servizo legalmente e falan claramente que se informa favorable esa continuidade do servizo. Respecto da irresponsabilidade do goberno, paréceme outra barbaridade, no ano 2019, cando falamos da prórroga ou da continuidade do servizo, este goberno manifestouse xa naquel pleno, dicindo que se estudou a posibilidade de prorrogar o servizo durante un período mais prolongado que durante un ano, porque é certo que este Concello está bastante contento coa prestación do servizo por parte da empresa que o ten neste momento e que se estudou, tanto xuridicamente como economicamente, a posibilidade de continuar, facer unha prórroga maior á que se estableceu nese pleno do ano 19, isto é así, ademais, porque no anterior expediente, existe un informe xurídico externo que, ademais, mesmo, barallaba a posibilidade de que se prorrogase ese servizo, isto quere dicir que o Concello, o goberno, estivo valorando moi concienzudamente se optabamos por unha prórroga ou se optabamos por unha nova licitación, como optamos finalmente, pero, ademais, non sexan vostedes populistas, o mais interesado en que este contrato salga e se formalice dunha vez por todas, é este goberno, porque unha vez que se licite este contrato e se formalice este contrato, como di o alcalde en moitas expresións que fai, *“un chorreo de millóns caería neste Concello para facer investimentos”* co cal, a este goberno interésalle, efectivamente, que se formalice canto antes este contrato, pero mire, precisamente, como somos un goberno responsable, estamos a facer un estudo económico moi concienzudo sobre a situación do contrato actual e sobre a viabilidade económica do contrato futuro, vólvollo a repetir, se vostedes poden vir aquí, ao Concello, poden ver cando este concello contratou coa empresa externa que está a traballar no estudo de viabilidade económica e poderán comprobar que esta empresa externa está a traballar de forma moi rigorosa no estudo deste contrato.

Sra. Rodríguez Búa:

Simplemente matizar dúas cousas, no anterior pleno, eu non quería traer a colación iso, porque xa foi unha discusión de fai un ano e que, ademais, xa foi bastante tediosa, pero xa que se trae a colación, o que se é certo, tamén, é que igual que naquel pleno a señora Deza dixo que, efectivamente, se valorou por parte dun informe externo, a posibilidade de prorrogar o contrato de 25 anos, mais aló deses 25 anos e había un



informe técnico que dicía que iso era posible, tamén é certo que o propio alcalde falou naquela ocasión e dixo que iso era unha opción, pero que non era unha opción o suficientemente válida, no sentido de que, seguramente, acabaría nos xulgados e os xulgados decidirían, co cal, esa opción, non tiña as garantías suficientes como para que este se tomase, por tanto é unha opción que uns técnicos en concreto dixeron que sería posible pero, en calquera caso, é moi discutible e, entendo que, probablemente, por iso, foi un dos motivos polos cales, por parte do concello, ademais doutros, por esa vía, polo cal, esa prórroga dá que falan, era unha opción daquela maneira. En canto a posibilidade de prorrogar este contrato indefinidamente está claro que esta é unha situación irregular, é mais, a lei que existe a día de hoxe, non o permitiría en ningún caso, podédesvos estar a acoller a isto porque a lei que rexía naquel momento, cando se fixo o contrato, fai 25 anos, a lei de 1953 que nomeaba antes a señora Deza, permíteo, pero a día de hoxe, a nova Lei de Contratos do Sector Público, nunca permitiría facer isto que se está a facer, polo cal é evidente que, por parte dos lexisladores, esta opción que estamos a tomar tampouco lle parece a idónea, porque, de feito, na nova lei eliminouse esa posibilidade, por tanto está claro que non é a mellor opción. En canto a irresponsabilidade, a falta de xestión e a falta de previsión do Concello, podedes dicir o que queirades, pero calquera persoa o pode ver, está claro que un contrato de 25 anos, que se sabe perfectamente cando vai terminar, que se sabe perfectamente a enxunlla dese contrato, pois ten que ter un tratamento adecuado e ese tratamento adecuado non é facer un estudo de viabilidade, que nin sequera está completo, optaron pola nova licitación sen ter o estudo de viabilidade, polo visto, porque aínda o estades facendo agora para a nova licitación e, a estas alturas, despois de mais dun ano que o contrato finalizou, estamos así, polo cal, a falta de previsión e a falta de xestión é evidente, pero non só neste tema, senón en moitos, hoxe, no pleno, imos ter algún exemplo mais, co cal este goberno, o que está a facer, é gobernar a salto de mata, é evidente. E en canto o que dicía antes tamén, que o tema da pandemia vale para moitas cousas, pero neste caso concreto, para xustificar este atraso non vale, co cal, creo que os que son populistas e se están a aproveitar da situación para xustificar algo inxustificable, non somos, desde logo, a oposición agora mesmo. E, en canto a aclarar o voto, imos abster, igual que nos abstivemos en xaneiro do ano pasado, como protesta pola falta de previsión e xestión do Concello neste punto.

Sr. Torres Pérez:

Eu so dicir que bo, botádelle a culpa á empresa que vos contratastes para facer o informe, pola tardanza, espero que non cobren por horas, porque senón todo un ano traballando, vai saír o informe caro.

Sra. Fernández Agraso:

Varias cousas, que quede claro, o BNG nunca votaría, nin se queira a abstención, se hai algún informe de secretaria ou algún informe de intervención negativo, o BNG nin sequera absteríase, votaría en contra directamente, diríao na comisión e pediría que o punto quedase sobre a mesa, por tanto, se nós imos manter o voto é porque os informes non son negativos, é negativo en canto a unha prórroga, pero e que agora mesmo, ao contrario que en xaneiro, non estamos a votar unha prórroga, hai que saber o que se vota, é unha continuidade dun servizo por ser un servizo esencial e, como



estaba a dicir a señora Rodríguez, efectivamente, na lei de contratos de agora, é dicir, se este contrato fose de hai cinco anos, non se podería ter feito iso, como dixen anteriormente, é unha lei do ano 53, que lles vén moi ben, porque o contrato foi hai 28 anos xa e vénlles moi ben, para poder agora ter esta continuidade do servizo, porque é un servizo esencial. Dicía a señora Deza que o manifestaron así en xaneiro, quero lembrarlle tamén á señora Deza que, cando se manifestaron, era a 17 de xaneiro, que tivemos o pleno moi posterior ao feito de que se acabase a contratación, que a prórroga foi posterior a cando tiña que ser, xa daquela non traballaron en tempo e forma e, agora, tiveron todo un ano e tampouco traballaron en tempo e forma. Tamén hai que dicirlle aos veciños que de hoxe non saír aprobada esta continuidade, se hoxe todos nós abstiveramos, se hoxe todos votásemos en contra, o día 2 de xaneiro, a xente, cando fose abrir a billa, non tería auga, porque se cortaríase inmediatamente, entón, por responsabilidade, porque o que nos pide o corpo, é votar en contra, evidentemente, de non ter traballado o Partido Popular, pero por responsabilidade, para que os veciños o día 2 de xaneiro teñan auga, imos votara favor, pero única e exclusivamente por responsabilidade cos veciños e veciñas de Sanxenxo e que quede claro, que se votamos a favor e porque tanto os informes de secretaría como os informes de intervención son favorables para esta continuidade dun servizo esencial, a pesar do traballo mal feito do Partido Popular.

Sra. Fervenza Celestino:

Simplemente matizar que os informes están aquí, nos papeis, témolos todos, o que pon, efectivamente, é que, con data 31 de decembro de 2019, sen que se efectuase a prórroga que tiña que facer con data anterior, evidentemente, os informes, tanto do secretario como do interventor, eran negativos, pero eran negativos no seu momento, porque se fixeron fóra de forma e, por tanto, seguen sen estar en orde e forma para poder facer unha xestión acorde á lei, non estamos a falar de que se vaia incumprir neste caso, senón que é unha recomendación, tanto do interventor como do secretario, e, por outro lado, dicirlle á señora Deza que se tanto lle interesa ao goberno unha nova contratación, porque vai levar un chorreo, ao parecer, de millóns, aquí que non imos a poder facer con eles mais que pagar a familia Rocafort, que sexan mais áxiles na formalización das xestións.

Sra. Deza Martínez:

Respecto a Sandra e Vanesa, estades totalmente equivocadas, a lei de contratos do ano 17 permite a continuidade do servizo, lervos o artigo 288 da lei, en canto leádesvos o artigo 288 da lei falamos, porque o que non se poden dicir é semellantes barbaridades e, logo, que desas barbaridades non queden constancia de elas. Volvemos outra vez a insistir na responsabilidade, pero oia, se vostedes están tan preocupadas, se o contrato tiña 25 anos, cando vostedes gobernaban, puideron ter contratado o estudo de viabilidade económica, xa que son tan previsores e son tan responsables e que non entendo como vostedes, xa no ano 16/17, non contrataron este estudo de viabilidade económica, que xa estaríamos, xa puideron vostedes telo, por suposto, listo, e vólvollo a insistir, concienzudamente está a estudarse este informe e, de aí, saíron, como puideron ver recentemente na prensa, os trece millóns de investimentos que a empresa que está a facer o estudo de viabilidade económica, nos di que podemos requirirle ou esixirle á empresa concesionaria que vaia ser a que leve



finalmente este concurso. Señora Fervenza, é que non podo dicir nada mais, cando se din barbaridades, ao final caen polo seu propio peso, pero vólvollo a dicir, léase outra vez os informes por favor e que, ademais, o informe do interventor, despois do do secretario, non require moitísimo esforzo, porque di claramente: *“procede a fiscalización favorable en base e por remisión do informe emitido o 10 de decembro de 2020”*, mais contundente que a palabra favorable non creo que haxa outra cousa nestes informes.

Ao non se producir máis intervencións, o **Sr. Presidente** someteu a proposta a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 13 (Grupo Municipal do Partido Popular, Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e Sr. Torres Pérez, concelleiro do Grupo Municipal Mixto).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 04 (Grupo Municipal do PS de G-PSOE e Sra. Rodríguez Búa, concelleira do Grupo Municipal Mixto).

En consecuencia, pola **maioría absoluta dos seus membros de dereito, o Pleno da Corporación adoptou o seguinte acordo:**

-Determinar que a empresa concesionaria do servizo do ciclo da auga, é dicir, abastecemento de auga potable a domicilio, saneamento e evacuación das augas residuais e o seu tratamento, continúe coa prestación do servizo nas mesmas condicións contractuais por un período de 6 meses a contar dende as 00.00 horas do 01/01/2021, única e exclusivamente por razóns derivadas da tramitación e formalización do novo expediente de contratación do ciclo da auga, considerando que, se dentro de este período de 6 meses se formalizase o novo contrato, o actual quedaría definitivamente extinguido.-----

2º) EXPTE. NÚM. 2020008611: PROPOSTA DA ALCALDÍA RESPECTO DA XESTIÓN DO SERVIZO DAS ESCOLAS INFANTÍS DO CONCELLO DE SANXENXO.

O **Sr. Secretario** dá conta do ditame favorable da Comisión de Asuntos Xerais de 17 de decembro de 2020.

Sra. Lago Martínez, concelleira do Grupo Municipal do PP:

Bo día a todos e a todas, este punto trata, como ben dicía o enunciado, do servizo das escolas infantís, sabemos todos que estamos próximos a que venza o contrato actual, e, de cara ao próximo contrato, pois ter esas modificacións, deixar sen efecto o acordo do 30 de xuño, polo que deixamos de ter unha concesión administrativa e tamén pasar a xestión ao Organismo Autónomo Terra, que para que leve consigo a tipoloxía de contrato, aprobación, licitación e adxudicación, á parte do que era a xestión do día a día, que xa se viña facendo, son dúas cuestións que creo que son administrativas e técnicas, que teñen todo o sentido do mesmo.



Sra. Rodríguez Búa, concelleira do Grupo Municipal Mixto:

Eu quería, antes de empezar con este punto, aclarar unha cousa, do punto anterior, que dicía a señora Deza que a Lei de Contratos do Sector Público actual se permitiría facer o que se está a facer e reitero, de novo, que non o permite, o único que permite a lei actual é ampliar nove meses, en casos moi excepcionais e en casos onde se acredite a imposibilidade de poder facer o contrato a tempo, cousa que aquí non ocorre e, á parte, estamos moito mais alá dos nove meses, co cal, na actualidade, iso non se podería facer, afirmoo e reafirmoo, coa Lei de Contratos do Sector Público actual, para que non queden dúbidas, para ninguén. En canto ao punto que estamos a falar actualmente, pois aquí, o que se está a facer, é planear con algo mais de marxe, a continuidade de como se vai a xestionar o servizo das escolas infantís, ademais, estase tendo en conta un erro que se cometeu no pasado e que fixo que tiverades que envainarla, como foi no caso do SAF, que despois do pleno aquel vergoñoso ao que nos forzastes, despois de que levásemos tres meses esperando, pois tivestes que facer un novo, en xuño, porque cometestes unha serie de erros, entre os que se encontraba que o servizo tiña que xestionarse a través de Terra, cousa que, aquí, agora, tomastes nota e facédelo, co cal xa vemos que os erros de xestión son reiterados, porque aquí temos unha proba dun que se cometeu non fai tanto e, en canto a este punto, nada mais que dicir, en principio, pola miña parte.

Sr. Torres Pérez, voceiro do Grupo Municipal Mixto:

Sobre este punto nada que dicir, está ben claro, nós imos votar a favor.

Sra. Fernández Agraso, voceira do Grupo Municipal do BNG:

Este é un punto estritamente técnico, quero dicir, por se alguén lle leva a confusión, non estamos a elixir neste momento, neste punto, a modalidade de xestión, simplemente estamos a cambiar do Concello para Terra, algo que se tería que facer no ano 2012, que foi cando se privatizou, é certo que, logo, houbo unha nova contratación, que ademais estaba eu e seguiu no concello, eu, neste caso, teño que dicir que, aquí, non quero botarlle a culpa a ningún político, é un tema estritamente técnico, creo que non debe ser o político quen lle ten que dicir aos técnicos se vai polo Concello ou vai por Terra, deberían ser os técnicos, neste caso non vou a dicir quen, quen lle diga cal é a mellor maneira da xestión da gardería e cal lle corresponde, evidentemente eu renovei a gardería nos mesmos termos que estaba no ano 2012, estou a referirme na xestión, non logo no prezo, nin na prestación, nin nada diso. É certo que se corrixe, tamén, un tema que, despois, no SAF, se corrixiu, porque primeiro era un contrato de concesión de servizos e, logo, pasouse a un contrato de servizos, que como ben dixen naquel pleno, hai diferenzas bastante substanciais entre un e outro, na prestación de servizos, son determinados, son concretos, son da administración e pon un prezo pola prestación e iso págano, conxuntamente, tanto os usuarios, como por exemplo no SAF, Xunta e Concello, no caso das garderías, págao Concello mais o usuario e, pola contra, o contrato de concesión de servizos é como o da auga, como o que estabamos a tratar agora, o 100% págao o usuario, ata o de agora estaba mal, a modalidade estaba mal, simplemente estase a corrixiu algo que, desde o principio, se fixo mal, repito, non é un tema onde se estea elixindo a modalidade de xestión, porque se iso fose a pleno, seguramente, o noso voto sería distinto, simplemente é cambiar do Concello a Terra e cambiar o contrato de concesión de servizos a un contrato de servizos.



Sra. Fervenza Celestino, voceira do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE:

Neste caso nós pouco temos tamén que dicir, estamos de acordo, neste caso, no cambio de titularidade das persoas que van xestionar o contrato e imos votar a favor.

Sra. Lago Martínez:

Efectivamente, como dicía a compañeira Fernández Agraso, son cuestións técnicas que teñen que levarse a pleno previo á próxima contratación, o que se, a señora Fernández acaba de dicir que, no caso das escolas infantís, o pago vén polo concello ás familias, sabe perfectamente que hai da Xunta unha pequena axuda, que é mínima, quero lembrarlle que, ao mellor, os compañeiros non o saben, da Corporación, que estamos a falar dun servizo, creo que é un dos servizos sociais mais importantes que hai neste Concello, estamos a falar que ten un custo por reforzo, que ten agora as medidas Covid, de 500.000€ ao ano, que se atenden 93 familias, para darvos un dato, hai 28 familias que pagan cero e, desas 93, once pagan de 100 a 150 €, eu creo que iso é un esforzo de todos, un esforzo do conxunto dos veciños de Sanxenxo, no cal o 75% do gasto pono o Concello, eu creo que é algo que temos que ter en conta, que non é simplemente traer o servizo das escolas municipais ou garderías, como queiramos chamarlle, a pleno, senón que estamos a falar dun servizo importante, dun servizo que é unha aposta firme e dun servizo que, desde logo, en canto a custo económico, é un dos maiores do Concello, entón eu agradezo a comprensión por parte dos membros da oposición, en canto a que é un tramite que hai que facer para poder sacalo o antes posible e traballar de cara a esa atención ás familias.

Sra. Fernández Agraso:

Algo que me quedou, así como no da auga non estou para nada de acordo, mesmo no informe falan do Covid e creo que non tivo absolutamente nada que ver para o tema da prórroga, estes tres meses de prórroga, en canto ás escolas infantís, se poderían ser asumibles polo tema do Covid, quero dicir que aí entendo esta pequena prórroga, para poder adecuar mellor o prego, o que se que entendo é que vai ser externalizado, se que lle suxeriría á señora Lago que, por primeira vez, cando foi a renovación comigo, se cambiou o tema de que fose ao 50% o valor económico e 50% a prestación, a min, iso, nunca me gustou, porque iso, o único que fai ás empresas, é baixar moitísimo o prezo e iso, o único que repercute logo, é en problemas laborais e en problemas de comedor e, iso, quen pasou por ese servizo, sábeo perfectamente, entón, que baixe o tema do valor económico ao máximo permitido pola lei, como foi cando foi comigo, porque iso, o único que vai facer, é que aumenten mellor as prestacións e que, no que pelexen nas empresas, sexa en dar un mellor servizo e non en rebaixar os cartos, que aínda que inda que, a priori, aos veciños lle pode parecer ben ese aforro, logo, iso, sempre vai redundar nun problema laboral e nun problema, logo, de andar a vixiar moitísimo como é a comida do comedor, por tanto, se que lles suxiro que miren iso, porque teño clarísimo que o van seguir externalizando.

Sra. Lago Martínez:

Ten razón a señora Fernández, hai que ter en conta as novas condicións, estase a traballar nun prego no que, de momento, tendo en conta todas as variables que acaba de dicir, de custos e demais, ascende a unha cifra de 600.000 € e, precisamente, pensando no ben do servizo e pensando tamén nas condicións dos traballadores, como



vostede sabe. A min agrádame saber que vostede está a traballar na liña, que entende perfectamente os termos no que se está a traballar para darlle continuidade ao servizo e non dubide que temos en conta todas esas posicións.

Non se produciron máis intervencións, e o **Sr. presidente** someteu o referido ditame a votación, que foi aprobado por **unanimidade**, adoptándose o seguinte acordo:

“PRIMEIRO: deixar sen efecto o acordo plenario de data de 30 de xullo de 2012 referente á determinación de que sexa a concesión administrativa a forma de xestión de servizo das escolas infantís do concello de Sanxenxo.

SEGUNDO: que a xestión das escolas infantís do Concello de Sanxenxo se preste a través do Organismo Autónomo Terra de Sanxenxo, organismo que está habilitado para realizar dita xestión en función do sinalado no artigo 3.J dos seus estatutos e derivando ao citado organismo autónomo a tipoloxía de contrato, aprobación, licitación e adjudicación, que non poderá ser a do contrato de concesión de servizos públicos.

TERCEIRO: a operatividade dos dous puntos anteriores comezará unha vez extinguido o actual contrato de concesión da xestión do servizo das escolas infantís” .-----

3º) EXPTE. NÚM. 2020008609: PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DE EXPTE. DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO Nº 01/2020. O **Sr. Secretario** dá conta do ditame favorable da Comisión de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio de 17 de decembro de 2020.

Sr. Presidente:

Os puntos 3, 4, 5 e 6, excepto o 6, que é de suplemento de crédito, son de expediente de crédito extraordinario, eu pediríalle a todos os voceiros que se podían debater os catro puntos xuntos e, logo, facer as votación por separado, porque é todo do mesmo, parécelles ben?

Sra. Rodríguez Búa, concelleira do Grupo Municipal Mixto:

A min paréceme ben, sempre e cando, se houbese algún concelleiro que quixese falar mais de dúas veces que lle corresponderían nunha quenda se lle deixase, que non se se é un caso que se vai a dar, senón entendo que se, porque, ao final, son todos do mesmo tema.

Sr. Presidente:

Aceptado.

Sra. Martínez Santos, concelleira do Grupo Municipal do PP:

Bos días a todos e a todas, tal como leu o secretario, imos levar catro modificacións de crédito neste pleno, tres delas son créditos extraordinarios e unha é un suplemento de crédito, entón nada, vou facer unha pequena exposición de cada un destes créditos, acórdase un crédito extraordinario 1/2000, todos eles con cargo a remanente de tesourería do ano 2019, o primeiro por importe de 752.718,10 €, para amortizar o



crédito concertado para principal da expropiación do terreo das rúas das Cunchas, un crédito extraordinario 2/2000, con cargo tamén ao remanente de tesourería do ano 2019, por importe de 188.179 €, para abonar o próximo sete de xaneiro, a segunda anualidade, tamén da expropiación do terreo das Cunhas, que se vai a pagar trimestralmente, o principal, no próximo ano e, tamén acórdase un crédito extraordinario 3/2000, tamén con cargo ao remanente de tesourería, por importe de 374.526,48 €, para abonar a parte da financiación propia da obra do proxecto de urbanización do Revel de Vilalonga e, tamén, por último, así xa quedan todos expostos, acórdase un suplemento de crédito 1/2020, tamén con cargo ao remanente de crédito de tesourería, por importe de 215.537,55 €, para facer fronte a parte dos intereses do pago, tamén, da expropiación do terreo da rúa das Cunchas, que non ían contemplados no presuposto do ano 2020, tamén aclarar que a suma das modificacións de crédito suman 1.530.960 € e, todos eles, son con cargo ao remanente de tesourería do ano 2019.

Sra. Rodríguez Búa, concelleira do Grupo Municipal Mixto:

Neste punto, como se dicía, o que se están a facer, que creo que é o que debemos explicarlle á xente, é facer unha serie de operacións presupostarías para poder contar cos cartos, para facer fronte ao primeiro pago que se lle ten que facer ao xulgado, como consecuencia das sentenzas que recaeron no tema da finca das Cunchas, da familia Rocafort. Este primeiro pago tense que facer agora porque, por parte do xulgado, se ditou unha resolución dicindo que se ten que facer o pago agora mesmo, xa, da cantidade que se condenou inicialmente e, como xa se dixo, pola miña parte, moitísimas veces neste pleno, era ineludible que se tiña que pagar e, canto mais tempo se estaba a tardar en pagar, mais intereses se estaban a xerar, por tanto, por agora, o que se vai a pagar, de forma inmediata, son eses case catro millóns ou catro millóns e algo de euros, que son firmes dalgunha forma e que o concello xa ten orde do xulgado de ter que pagalos. Para facer fronte a esa cantidade de catro millóns, o Concello presentou un informe solicitando ao xulgado que lle dese un prazo de catro anos, para que puidese ir pagando esas cantidades, neses prazos de catro anos e, así, se comprometía a non ter que ir a endebedamento para poder facer fronte a esta débeda, iso presentouse por parte do concello, se mal non lembro, no mes de maio e, nese plan que facía o concello, propoñía que ese primeiro pago se fixese o sete de outubro, pero o xulgado non resolveu antes do sete de outubro, senón que acaba de resolver agora, entón aproba esa proposta do concello de darlle esa posibilidade de pagar de forma fraccionada, ao longo de catro anos, creo lembrar que era, a cambio de que non se tiña que endebedar o concello e que se faga o pago e, como non se fixo esa aprobación antes do sete de outubro, o xulgado dí, bo, como antes do sete de outubro foi a proposta que fixo o concello do primeiro pago, non demos a aprobar esta resolución, poñemos de prazo o sete de decembro, co cal, o sete de decembro, o concello tiña que facer ese primeiro pago e, volvemos a repetir unha vez mais, a pesar de presentar en maio esa proposta, o Concello de Sanxenxo non fixo ou non tomou as medidas que está a tomar agora para poder facer fronte a ese pago, en canto viñese a resolución xudicial, co cal, tivo que, incumprindo co que se comprometeu co xulgado de non endebedarse, tivo que endebedarse de forma moi rápida, para poder facer fronte a este pago o sete de decembro, como lle esixía o xulgado, porque non tiña feito estes trámites, que se están a facer agora, para poder facer ese pago, a pesar de levar



desde maio con esa solicitude presentada no xulgado, por tanto, agora estamos intentando emendar, novamente, o que se fixo mal, mesmo incumprindo unha resolución xudicial que nos concede, precisamente iso, para non endebedarnos, pero, como non estaba o traballo feito, tivemos que endebedarnos e, agora, facemos isto para desendebedarnos, para cancelar esa débeda que se tivo que firmar para poder facer fronte a esa obrigaón xudicial, que se desprazou no tempo por solicitude do propio concello que, aínda solicitando e propoñendo, pois aínda así, para cumprir, tivo que endebedarse, cando se dixo, expresamente no xulgado, que ese era o motivo de pedir o aprazamento e, agora, temos que desenmendar o mal feito, unha vez mais. Entón, isto é unha proba mais da falta de previsión que ten este concello, se efectivamente se fixo esa proposta, no mes de maio, pois, se cadra, podía terse feito isto e estar listos para cando viñese a resolución xudicial que, mais ou menos, se sabía cal ía a ser, porque este foi, exactamente, o mesmo procedemento que se seguiu no preito de Monte Faro, exactamente igual, tamén se nos condenou, no seu día, ao pago dunha serie de millóns e, para non facer fronte a eles de forma inmediata e prexudicar as arcas do concello, pediuse, exactamente no mesmo sentido que se fixo agora, pois un informe dos técnicos do concello xustificando que, se se facía, se dilataba o pago das indemnizacións nun tempo, pois iso permitiría que o concello puidese pagalo sen ter que ver condicionada a súa situación e capacidade económica de forma moi esaxerada e, por tanto, sabíase que o mais probable sería que, como naquel momento, por parte do xulgado, se aprobase e, aínda así, estamos aquí, desenmendendo o mal feito. Por tanto, unha vez mais, falta de previsión, falta de xestión, estamos a pagar unha débeda que sabemos hai tempo que iamos ter que pagar e xerando uns intereses que, se cadra, se puidesen ter aforrado o concello.

Sr. Torres Pérez, voceiro do Grupo Municipal Mixto:

Eu, brevemente, dicir que, a ver, goberna o Partido Popular, a xente, cando vota o seu voto, xa sabe neste caso que é, as obras hai que pagalas, o Partido Popular ninguén se vai estrañar que endebede ao Concello, porque xa vén de atrás e, a xente que votou, xa sabe que as obras hai que pagalas e, o que promete moitas obras e faias, necesita cartos para facelas, cal é o problema que eu lle vexo? Endebedar ao concello por unhas obras que quedan aí, para o goce de todos, sexan en cultura, sexa en obras, en saneamento, ou que sexa, queda aí, fan falta os cartos. O que se que non estou eu moi a favor de que se endebede o concello para pagar unha sentenza, por culpa dunha mala xestión, que é verdade tamén, persoalmente, non a comparto, como partido teño que asumilo tamén que, cando estabamos a gobernar, tiñamos un acordo con esa familia, de pagarlle un millón de euros por ano, para cumprir os catro millóns de euros, e, de verdade, que cando volveu Telmo á alcaldía, polo que sexa, cambiouse o criterio, fíxose caso a Telmo, o que a min dinme e, é verdade, que, aí, o SAL, freo un pouco e, aí, foi culpa nosa totalmente, como partido, aínda que, persoalmente, non o comparto, como partido teño que dicir que metemos a pata e digo que, endebedar ao concello para ter obras que queden aí, para un futuro, que hai que pagalas, enténdoo, agora, endebedar ao concello por isto, non estou de acordo.

Sra. Fernández Agraso, voceira do Grupo Municipal do BNG:

Creo que o procedemento o explicou perfectamente Vanessa, o tema dos créditos é un tema, tamén, técnico-financeiro, de como se quita de aquí e ponse aquí, para intentar



solucionar isto antes do 31 de decembro e, efectivamente, non facer esta débeda mais longa e que así non traia mais problemas. Pero, unha vez mais, isto é un *deja vu*, volver a pasar, estes son os resultados do señor Telmo Martin, onde case catro millóns de euros, unha vez mais por culpa do Partido Popular, non van para os veciños e veciñas de Sanxenxo, senón que van para unha sentenza xudicial e, con isto, sumados aos de Monte Faro, sumados aos chalets de Dorrón, sumados a..., sumados a.. ,fan unha cantidade grandísima e, eu síntoo moito, pero os votos non branquean ás sentenzas, a xente poderá votar polo que sexa, pero o que non imos permitir é que, por culpa de que vostede sacase os votos suficientes para ter unha maioría, esteamos branqueando o feito de que os cartos dos veciños de Sanxenxo estean parando nun lugar onde non lle corresponde, porque, ademais, é certo, a sentenza vén por culpa súa, ben, pero é que, ademais, moitísima mais culpa ten atrasar todo isto, intencionadamente, como estivo a facer vostede ata o de agora, onde estamos a pagar, tamén, outra millonada por culpa dos intereses e iso o sabia vostede, estivo avisado pola oposición ou, polo menos, pola nosa parte, desde o principio, chamounos catastrofistas e resulta que, agora, a cantidade pode ser, mesmo, moito mais superior do que o BNG veu dicindo dende hai moitísimos anos. Logo está o debate político e o punto en cuestión da orde do día, que esas modificacións de crédito hai que facelas, porque agora hai que pagalas, porque hai unha sentenza, porque esa sentenza ten uns intereses e hai que pagalos e, estivese quen estivese gobernando tería que pagalos. Se, pero dende logo hai que facer un exercicio de reflexión e un exercicio de memoria, para saber de onde vén isto, por culpa de quen ven isto e, tampouco non fai falta moita memoria, para saber porque todos estes intereses hai que pagalos, intencionadamente, porque o señor Telmo Martin quixo parar isto, viñan as eleccións, facían falta cartos para unha campaña espectacular e, entón, agora págana os veciños de Sanxenxo, unha vez mais. Repito, para min, isto xa é un *deja vu*, tamén teño que dicir publicamente que non entendo, isto se sabia antes das eleccións, se sabia que íamos ter que pagalo, lembro, inclusive, vostede escribindo no seu facebook, poñendo que *“onde outros ven un problema, eu vexo unha oportunidade”*, que oportunidade lle ve a pagar mais de catro millóns de euros? De perdelos, de que non quede constancia de nada feito e todo o que vén despois? Porque o que teñen que saber os veciños é que isto é unha primeira parte, pero falta unha segunda parte, nós viamos un problema, vostede, aquí, segue vendo unha oportunidade?

Sra. Fervenza Celestino, voceira do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE:

Nós, aquí, neste punto, non imos a votar a favor neste punto, en ningún dos expedientes de crédito, porque sería como referendar, unha vez mais, unha actuación na cal estamos totalmente en contra, unha xestión que soamente está a mirar intereses partidistas, xa desde o ano 2018. No ano 2018 vostedes levaron a pleno unha proposta, comentou xa a posibilidade de solicitar préstamo para ir vendo a viabilidade e ir pagando a multa que, evidentemente, nos ía caer a todos, pero decidiron facer unha batalla legal, unha destas batallas legais onde,, os que morren, somos os veciños e veciñas, porque somos os que imos a pagar, vostede non parece que se vexa moi afectado por este tipo de temas e, ao cambiar de estratexia, o que fixo é aprazar un pago que, evidentemente, había que facer, que todos sabiamos que había que facer, de tal maneira que, agora que necesitamos recursos, precisamente nun momento de pandemia, se recortou por todos os sitios posibles, para facer rica, aínda mais rica, a



unha soa familia, neste día da lotería de nadal, o gordo so cáelle a unha familia do Concello de Sanxenxo e ímoslle pagar entre todos os veciños, á conta do concello, catro millóns de euros, mais o que virá despois, nunha sentenza futura, por todos os viais ao redor. Entón, unha pandemia parece que nunca lle veu tan ben a un concello, e é moi triste dicir que todas as familias deste Concello ven que non van a ter axudas nin subvencións, nin a hostalaría, nin os comercios, nin o van a ter directamente as familias, que son as mais necesitadas, porque este concello se dedica a recortar durante todo este ano, para pagarlle a unha soa familia e, iso, é un problema, o gran problema é que temos un concello totalmente recortado, limitado, totalmente minguado economicamente para poder facer fronte ao que hai que facer fronte, por qué? Porque non hai xestión, porque é un concello no que a previsión é cero, absolutamente cero, non son capaces vostedes de visionar mais alá do presente, o presente e o inmediato, así non se pode dirixir un concello de ningunha maneira, porque o que hai que pensar é nos veciños e veciñas que están ao pasar mal. Negociación cero, porque se vostedes negociasen no seu momento, en vez de dicir, tozudamente, *“eu polos meus ... vai ser como diga eu e vai pasar por encima, como un rodete, por encima de todas as familias, que eu teño razón e eu son mais que ninguén,”* isto é o que nos pasa, ao final ninguén e mais que ninguén, a xustiza fai o seu traballo, é lenta pero fai o seu traballo e, ao final, repercútenos a todos. Logo, desde un principio, capacidade de xestión cero e quen imos pagar todo isto, volvo dicir, somos os veciños e as veciñas. Unha cousa mais, o Concello pediulle á xuíza, a través dun escrito, que fosen sete anos os que se lle deixaran para fraccionar, non catro, como se comentou, sendo a xuíza a que volveu a dicir, unha vez mais, que son catro e non sete, temos que acatar as leis, mal que lle pese ao noso señor alcalde.

Sra. Martínez Santos:

Contestando un pouco así, en xeral, quero dicir unhas cousas, capacidade de xestión este concello ten bastante e estas solucións que poñemos nós, aos pagos e demais demostran que non houbo unha falta de previsión, senón unha prudencia, unha prudencia á espera de que a xuíza determinase como se tiñan que realizar os pagos, é verdade que se deron varias opcións de pago, entre elas a que veu aprobando a xuíza de catro anos, pero fíxose un bo informe por parte da intervención deste Concello e, así, o destaca, ademais, a sentenza, onde se daban as opcións de pago para que o concello puidese manter, que diso é do que se trata, todos os servizos que segue dando aos veciños, non ter que reducir os servizos, así como manter os impostos. Se, para isto é verdade que tivemos que facer un pequeno crédito instrumental, á espera de que fose efectiva esta modificación de crédito, que non a fixemos antes, precisamente, pola prudencia de saber cal ía ser o resultado final da xuíza, eu considerarei, particularmente, xunto cos técnicos que me asesoraron, que o mellor era saber de que forma tiñamos que pagar para tomar a decisión final, en canto esa decisión chegounos, xa fixemos todos os trámites e bastante rápido, cunha entidade financeira, neste caso, para poder facer o pago en prazo, é dicir, o sete de decembro fíxose o pago e, se ben é certo que se fixo ese pequeno crédito instrumental, como o seu mesmo nome indica, a interese cero, ademais, simplemente foi para pagar en data e prazo. Ese crédito, en canto estea este tramite realizado, vaise amortizar, polo cal, a débeda do concello segue sendo a mesma, non se vai incrementar, simplemente é iso, un crédito instrumental, entón creo que a xestión por parte dos servizos de intervención



e desta concellaría foron os adecuados para a situación na que nos atopamos e facer fronte á sentenza, de forma correcta, en tempo e forma.

Sra. Rodríguez Búa:

Simplemente dicir que por parte da concelleira, a señora Martínez, viña dicindo que as solucións ofertadas demostran a capacidade de xestión do Concello de Sanxenxo e a solución que propuxeron é incumplir un compromiso que tomaron ante un xuíz, que era o de non endebedarse, eu creo que alardear desa solución...., non terá consecuencias, porque non as terá, pero podería, simplemente dicir isto. En canto a este tema, tamén deixar moi claro que non se crean os veciños de Sanxenxo que, co pago desta cantidade, xa o Concello de Sanxenxo vai liquidar este tema, senón que, o mais probable, como xa anunciamos en moitísimas ocasións e de forma moi fundamentada, o mais probable é que esta cantidade se vexa aumentada no futuro e en cantidades moi importantes. En canto a que a débeda se incrementou por responsabilidade do Partido Popular, claro que se incrementou por responsabilidade do Partido Popular, xa non me refiro ao que se xerou por parte do Partido Popular e deste alcalde en concreto, que tamén, senón que, desde esta segunda ronda de Telmo que nos toca, tamén se incrementaron, por esa negativa a asumir o compromiso de pagar esta cantidade, que se sabía que iamos ter que pagar xa fai dous anos, cos intereses que nos aforrásemos nese sentido. Tamén quero rematar a miña quenda dicindo, como había xa manifestado aos meus compañeiros, antes de que empezase o pleno, teño un compromiso profesional e téñome que ir en dous minutos, entón non se se me dará tempo a votar, pero en calquera caso, quereda constancia que o meu voto, nestes puntos, sería de abstención, tanto no punto seguinte, tamén, que trata o tema, da constitución do comité de expertos sobre o tema do ciclo da auga, no que tamén votei abstención, en base aos argumentos que xa expuxen na comisión que se realizou sobre este tema e que ademais que creo que, o que manifestei nesa comisión, era de importancia, tíñase que ter en conta e, tampouco procedería repetilo no pleno, porque podería ir en contra dos intereses do Concello, pero se creo que é algo que se debe ter en conta e, por iso, volvo a chamar a atención aos gobernantes actuais sobre o manifestado e sobre o discutido nesa comisión. Pedir desculpas aos veciños pero, por un motivo profesional, téñome que ausentar.

Sra. Fernández Agraso:

Como dicía o señor Torres, efectivamente, cando o BNG estaba no goberno, había un acordo onde, porque pagar, habíalle que pagar a esa familia, había unha sentenza, había un acordo moito mais beneficioso para o Concello de Sanxenxo, foi saír o BNG do goberno e, evidentemente, o SAL, como a palabra toda que tivo, xa foi outra, iso creu atrasos intencionados e esa intencionalidade en atrasar, como ben se dixo, reiteradamente, en todas estas intervencións, creou uns intereses moitísimo mais altos e non son poucos os cartos que temos que pagar de intereses e, logo, tamén teño que dicir que, pensei que o ía a dicir a señora Fervenza, íallo deixar a ela, pero como non o di, pois o vou dicir eu, que ben lle vén ao goberno que non estea o señor Montoro, porque de estar o señor Montoro, ese superávit de tesourería igual non se podería utilizar para isto, tería que ir á amortización, por tanto, ata para niso, teñen sorte, que ben lles vén que non estea alguén do Partido Popular no Goberno de España, que así podemos facer esta operación e, como dicían tamén, que o hai que recalcar e como



dixen na primeira intervención, isto non acaba aquí, o aliado mais grande que ten a familia Rocafort é o señor Telmo Martín, que caeron o sete de decembro case catro millóns de euros, pero non acaba aquí, isto segue e suma, en breve teremos de novo outra pedrada, en breve caerá outra pedrada, grazas ao señor Telmo Martín, por tanto, ímonos a abster, porque as operacións son técnicas, é algo técnico de intervención, pero, desde logo, o motivo polo que hai que facer estas operacións, debería darlle vergoña ao Partido Popular.

A Sra. Rodríguez Búa ausentouse definitivamente da sesión durante a anterior intervención, sendo as nove horas e dous minutos.

Sra. Fervenza Celestino:

Comentar que os escenarios puideron ser mesmo peores, puideron ter que pagar, de golpe, agora, os catro millóns, en vez de ter que pagalos dunha maneira fraccionada, o cal, aínda, sería peor para os veciños e veciñas deste Concello. Malo é, evidentemente, porque volvo a repetir, este Concello estivo a reducir dos gastos que puideron investirse nos veciños e veciñas, en axudas á hostalaría, ao comercio, axudas directas á familia, para telos para a multa que temos que pagar, sabendo perfectamente que se puido facer desde outros puntos de vista, con moitísimo mais tempo, que sería moitísimo mellor para as finanzas deste Concello e, para o que parecía que non podía pasar, que é unha pandemia, pois pasou, igual que pasou unha pandemia poden pasar outras cousas, por tanto, a previsión fundamental a hora de xestionar.

Sra. Fernández Agraso:

Para que nos quede constancia, hai un erro na documentación que nos mandaron, no crédito tres, a proposta da Concelleira de Facenda está repetida e é a do punto seguinte, non mandaron a proposta da Concelleira de Facenda do crédito tres, por tanto, que o miren e que nolo manden.

Sra. Deza Martínez, voceira do Grupo Municipal do PP:

Vou empezar co tema que comentaban de que o goberno bipartito tiña un acordo coa familia para pagar, se, tiña un acordo coa familia para pagar, pero o que non tiñan é un acordo para que esa familia retirase os recursos que tiñan respecto deste asunto, é dicir, vostedes pagaríanlles e eles continuarían cos recursos, Sandra, é así, os papeis están aí, a familia está aí, e pódeno corroborar. O goberno actual, en particular o alcalde, cando chegou a alcaldía, no 17, reuniuse e foi unha das primeiras reunións que houbo neste Concello cando chegou Telmo ao goberno novamente, foi unha reunión coa familia Rocafort, díxose que podíamos manter o acordo para pagarlle fraccionadamente, ou mesmo a débeda completa, pero que eles deberían retirar todos os recursos que tiñan interpostos naquel momento e que, ademais, deberían absterse de interpoñer posteriores recursos, é dicir, que eles, con este pago, terían que absterse de continuar a pedir mais cartos, a seguir demandando ao Concello, non quixeron facelo, eles quixeron continuar coa súa vendeta e, por tanto, este goberno non puido, como non podía ser doutra maneira, sucumbir ás ameazas desta familia, que entendemos que, naquel momento, o que pretendían, unicamente, era conseguir mais cartos e, de feito, isto viuse demostrando co tempo, porque seguiron pleiteando, isto é



así, 21 días despois de que o goberno bipartito alcanzase con eles un acordo de pagarlle a débeda de forma fraccionada, cando eles aínda gobernaban, en xaneiro do ano 17, esta familia presentou un novo recurso, reclamando 47 millóns de euros pola zona verde, quere dicir isto que eles tampouco estaban de acordo, co acordo que, supostamente, tiñan co goberno bipartito e aí están os papeis, que están no rexistro deste Concello. Ademais seguen vostedes insistindo que a culpa é de Telmo Martín, que a culpa é do goberno do PP, é que non entendo nada, o que se teñen que ter claro é que isto se trata dunha expropiación urbanística, que isto é unha zona verde, que non é unha zona verde que viña contemplada no Plan Xeral do ano 2003, que era unha zona verde que xa estaba recoñecida nas normas subsidiarias do ano 90, que por certo, non gobernaba Telmo Martín naquel momento e isto xa se exixía por lei que se pagase por esa zona verde, as expropiacións urbanísticas consisten en que o concello adquira as dotacións, é dicir, zonas verdes, equipamentos públicos, pero, obviamente, ten que pagar por eses equipamentos e esas zonas verdes. Despois podemos falar de se, efectivamente, esta familia, como considera este goberno, intenta sobrepassarse ou intenta aproveitarse da súa situación respecto do ben do que eles dispoñen, do inmovible do que eles dispoñen. Pero, ademais, o goberno de Telmo Martín, no seu momento, cando aprobou o plan xeral, tentou resolver esta cuestión adscribindo esta zona verde ao SU-20, isto é así, independentemente de que esa adscripción, despois, a posteriori, decaese por unha sentenza do Tribunal Supremo, pero o que é certo e que, naquel momento, asesorado, o goberno do Partido Popular tentou que nesta zona verde “intercambiásemos os cromos”, por dicilo así, de forma vulgar e puidésemos adquirir esa zona verde a cambio do aproveitamento que esta familia puidese materializar no SU-20, sen que lle costase un euro ao Concello de Sanxenxo e isto tentouse así, de forma reiterada, é dicir, este goberno, o que intenta de forma reiterada, é defender os intereses dos veciños, o que non podemos é pagar unha débeda a unha familia que, o que pretende, e seguir pleiteando co Concello, co cal os intereses non é que se duplicasen, se triplicarían ou se sumarían exponencialmente ás reclamacións que fosen facendo de forma reiterada e nós imos a seguir defendendo os intereses dos veciños, nós imos seguir defendendo que esa zona verde temos que, obviamente, pagala, porque é unha expropiación urbanística e imos facelo, de feito, o que traemos hoxe, aquí, é para articular xa, que se podan ir facendo estes pagos, tal cal están contemplados no auto de execución.

Sra. Fernández Agraso:

Imos ver, sexamos serios, porque publicamente dise outra cousa, hai hemeroteca suficiente, o señor Telmo Martín dixo, por activa, por pasiva, en campaña electoral, antes da campaña electoral, que a esa familia non se lle ía, se seguía gobernando, pagar nin un céntimo, díxoo mesmo en pleno, por tanto, que me está comentando vostede, que ten unha reunión coa familia e á familia cóntalle unha cousa e aos veciños outra, estamos acostumados a que Telmo Martín faga iso, pero á familia dille unha cousa, logo, publicamente di outra. Logo falan dunha vendeta da familia, vendeta por que? Persoal contra Telmo Martín? Hai algo que nos estamos perdendo? Vendeta contra todos os veciños? A xuíza faille caso a unha vendeta? É que dan a entender como que peccata minuta, é mala sorte, a xuíza que, está comprada tamén? Non entendo nada, parece que todo estaba atado, que non hai nada de culpa do señor Martín, que todo estaba atado, que se gobernaba isto non nos ía custar un peso, que



mesmo no peor dos casos, custaríanos uns tres millóns, pero pedimos cinco millóns, cos tres millóns facemos aí un aparcamento, sacamos cartos dos locais comerciais e, aínda por encima, iamos gañar cartos e, agora, xa imos por catro millóns, están en xogo outros nove millóns, pero isto que é? E, agora, aínda por encima, fixérono marabillosamente ben e, logo, polo medio, houbo outros gobernos do Partido Popular, que lles guste ou non lles guste, tiñan que ter previsto. A nós vendéronnos, como veciña tamén se me vendeu, que o señor Telmo Martín, se gobernaba, nin un céntimo, mesmo no peor dos casos, tres millóns, dos cales imos amortizalos facendo así e, agora, outra vez mais, estamos a poñer cartos en sentenzas, en vez de cartos para cousas para os veciños e veciñas, que boa falta fai, entón, sexamos serios e, tamén, hai que entoar un pouquiño de *mea culpa*, que parece que o fixeron marabillosamente ben, e oia, debe ser a xuíza que nos ten teima tamén. Rocafort é unha vendeta, a xuíza nos ten teima, pobrecillos, un pouco de seriedade, en serio.

Sra. Fervenza Celestino:

Soamente lembrar que nas dúas sentenzas, as xuízas dixeron que son vostedes os que non están a ver polos intereses dos veciños e das veciñas, pono a sentenza, que é moi duro de ler iso, cando é unha xuíza a que lle está tirando das orellas ao propio alcalde, dicíndolle que non está a mirar polo interese dos veciños. Non me pode vir a señora Deza a dicir que vostedes miran polo interese dos veciños, porque iso xa é como rirse da xustiza, a min paréceme moi ben que nos expliquen todos os papeis que ten aí diante, que nos explique como foi todo o proceso de expropiación, todas as negociacións, etc., pero cando a xustiza dita unha sentenza é por algo, non creo eu que o que se diga por vostede, agora mesmo, neste pleno, teña mais valor legal que o que están a dicir as sentenzas dos xuíces. Entón, iso por unha banda e, cando falamos de que a familia ten unha vendeta persoal, eu, para empezar, entendo que unha familia ten un patrimonio e ten todo o dereito do mundo a tentar rendibilizar o seu patrimonio, ou vostede non o faría señor Telmo? Eu creo que é unha característica propia, que cando alguén se lle pon en fronte e dille que vai ser o que eu diga e non van cobrar, a xente cabréase, cabréase e non negocia, que é o que está a pasar aquí, non hai vendeta, o que temos son políticas, por dicilo finamente; mafiosas e, ao final, o que ocorre é que a xente se cabrea e non negocia e imos a xuízo e quen paga? Os veciños. É o único que pasa aquí, nada mais.

Sra. Deza Martínez:

Mire señora Fervenza, cando eu falo de vendeta, refírome a que, cando vostede alcanza un acordo cun goberno bipartito, para pagar de forma aprazada ese goberno e, vostede, aos vinte días de alcanzar ese acordo, gobernando aínda os mesmos cos que alcanzou ese acordo, presenta unha nova reclamación, mire, boa fe, a xustiña. Pero é que mire, xa que vostede fala de lerse as sentenzas, gústame que vostede fale de lerse as sentenzas, léallas todas e léallas ben, pero de todos os procedementos, non só deste, porque sabe vostede o que nos di o Tribunal Supremo cando resolve o recurso e cando nós non nos persoamos en casación, perdoe, cando nos persoamos non, cando non presentamos recurso de casación, que como o Concello se avino, entendeu que os tres millóns estaban dados por vós, sabe vostede quen tiña que presentar aquel recurso de casación, sabe vostede quen estaba gobernando naquel momento? O tripartito, non estaba gobernando o Partido Popular, vostedes non foron en casación,



cando tiñan que ir en casación, porque se vostedes fosen en casación, non estaríamos discutindo as cantidades, estaríamos a discutir a propiedade, pero, como non foron vostedes en casación, non podemos discutir a propiedade e, por iso, agora, tivemos que ir en casación, entón, xa que vostede lese os papeis, xa que vostede lese as sentenzas, léaas, pero léaas concenziudamente e léase os informes concenziudamente, todas as peritaxes, porque o volvo a repetir, aquí todos dicimos o *mea culpa*, non sei a que se refería Sandra con que outros gobernos do Partido Popular tiñan que facer cousas que non fixeron, non sei ao que se refire, o que se lle podo dicir é que eu sei o que vostedes non fixeron e, o que vostedes non fixeron, fixo que este Concello teña que pagar unha cantidade que non tiña que pagar, a discusión dos viarios, xa non entrariamos nin a discutir sobre os viarios, que agora os estamos discutindo, pois vostedes, o que teñen que facer tamén, é entoar o *mea culpa*, non dicirle só a este goberno que entoe o *mea culpa*.

Sr. Presidente:

Eu podería dicir moitas cousas antes da votación, non vou a dicir moitas, pero se algunhas, se me gustaría dicir, a señora Deza explicou perfectamente, agora, aquí, algúns dos temas que non se comentaron, pero teño que dicir, en primeiro lugar, señora Fernández, mentres eu este á fronte deste Concello, vou defender os intereses dos veciños de Sanxenxo ata a última instancia, ata a última instancia señora Fernández, eu creo que non hai moitos veciños que non pensan que o fago así, xa na outra etapa miña como alcalde, como agora, pero é moi bonito disparar pola boca así, sen mais. Comenta vostede de que tivemos que pagar Monte Faro, pagouse porque se cambiou un convenio, que eu había deixara asinado, comenta vostede que houbo que pagar 600.000 € polos chalés de Dorrón, pagáronse 600.000 € porque se cambiou e deuse unha licenza que non se tiña que dar no seu momento e, a xustiza, mandounos pagar, pero iso non é importante agora. O importante é o que temos encima da mesa, mire vostede, todos estamos de acordo en que estamos aquí, porque gobernaban vostedes naquel momento, nós gobernamos agora, pero tamén estivemos de acordo, xa que non se foi en casación, que hai 3.010.000 euros que hai que pagar, se o se, pola zona verde famosa e xa non imos a discutir iso, foi cando eu dicía que nesa zona verde, naquel momento, había que facer aí un aparcamento público e tratar de rendibilizar eses cartos todos, era viable e pódese facer, resulta que a familia Rocafort seguiu loitando contra o concello e reclama un viario, que é a Rúa das Cunchas, que está aberto desde o ano 1978, como comprenderá eu respecto as sentenzas xudiciais, pero, neste caso, non a podo compartir, porque non hai ningún veciño de Sanxenxo que non vexa que ese é un viario público, se vostedes cren que é un viario privado, pois sigan apoiando á familia Rocafort, como fai algunha de vostedes, algunha voceira que falou aquí, agora, a mañá. Entón, a familia Rocafort reclama, tamén, os viarios e, iso, está valorado polo Xurado de Expropiación de Galicia nun millón e algo de euros, 1.200.000 €, o que suman uns 4.200.000 €, mais ou menos, pero iso aínda está en debate, aínda non é firme ese tema, o que é firme é a sentenza dos tres millóns e que se imos pagar en catro anos. Señora Fervenza, cando nós pedimos, eu como alcalde, que en vez de catro fosen sete, eu creo que todos sabemos negociar un pouquiño e nunca lle pides xusto o que queres, senón un pouquiño mais, un pouco por encima do informe que fixo o señor interventor, pero estabamos de acordo en que, a nós víñanos ben, que ao Concello lle viña ben, que nos desen os catro anos, que, ao final, o



conseguimos, pero, pedir sete, non significa que nos digan que non, conseguimos o que queríamos, que foi os catro anos e, agora, fomos en Casación o outro día, ao Supremo, cando vostedes estiveron criticando, cando veu a sentenza, porque a quen se lle ocorre pensar que o solar ese, da zona verde, xunto co viario, pode custar mais de dez millóns de euros, que é o que di unha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, se vostedes están de acordo, pois, seguramente, se estivesen aquí gobernando, chegarían a un acordo coa familia Rocafort, para pagarlle tamén, en 4 ou 5 anos, seguramente, nós non, nós vamos loitar ata o último segundo, pero é verdade que quen ten a última palabra son os tribunais de xustiza, neste caso será o Supremo, e cando o Supremo admita ou non, en Casación, o recurso que presentamos, defendendo iso, que a valoración, claro, xa non podemos ir a menos, dos tres millóns ou dos catro millóns do viario, xa está recoñecido que se lle deu a titularidade desa superficie a eles, cousa que nós non compartimos, pero hai que acatalo e non creo que vostedes estean de acordo. Ás veces dinse barbaridades co interese de confundir á cidadanía e eu creo que isto non é bo neste caso, eu creo que podemos cometer erros todos, pero nunca foron erros intencionados para amolar ao pobo de Sanxenxo, nin creo que o fixese ningún de vostedes cando gobernaron, nin a oposición nin nada, as cousas non saíron ben polo que fose e eu creo que se están portando mal outras instancias connosco, porque ninguén, de sentido común, pode pensar que se pode pagar por esa zona de aí, eu creo que non se pagou nunca, nin tan sequera por ningún solar en primeira liña de praia, dez millóns de euros, que é o que calculan que se podería pagar e que parece ser que, algún de vostedes, que agora non vou dicir, porque, se cadra, xa non está agora mesmo no pleno, parece que ri e que lle estamos facendo nós, o regalo de reis este ano, tan triste e tan malo, á familia Rocafort, non vou a ser eu desde logo, xa explicou a señora Deza o tema de por que eu, como alcalde, non lle quixen pagar á familia Rocafort no seu momento, porque non retiraban os recursos, creo que o explicou perfectamente a voceira e creo que vostedes están de acordo tamén, entón, isto, que estamos a votar aquí, non é un tema da familia Rocafort, son temas técnicos e legais que hai que facer e non hai ningún problema, o Concello de Sanxenxo goza de boa saúde económica, pero o que se nos viría moi ben e que a señora Fervenza puidese falar cos seus amigos do PSOE, en Madrid, para que, o case millón de euros que nos están debendo da remodelación do Pazo de Quintáns, páguennolo dunha vez, porque iso fainos facer, ás veces, operación de tesourería sen necesidade, entón, señora Fervenza, se vostede pode falar cos seus amigos de Madrid, que están tan boiantes, alá, co señor Iglesias, que nos manden os cartos que nos deben, porque non virían nada mal nestas datas. .

Ao non se producir máis intervencións, o **Sr. Presidente** someteu a proposta a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 10 (Grupo Municipal do Partido Popular).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 07 (Grupo Municipal do PS de G-PSOE, Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e Grupo Municipal Mixto).



Sr. Secretario:

Aquí, neste punto, aínda se computa como abstención o voto de Vanessa, porque estaba presente cando se debatía, nos seguintes non se pode.

En consecuencia, pola **maioría absoluta dos seus membros de dereito, o Pleno da Corporación adoptou o seguinte acordo:**

“-Aprobar o expediente de crédito extraordinario Nº 1/2020, por importe de 752.718,10 euros, con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais deducido da liquidación do ano 2019, para dotar de crédito á aplicación orzamentaria 15101 6000 e/ou área de gasto 0, capítulo 9, para amortizar o crédito concertado en 2020, condicionada a súa eficacia á verificación do remanente de tesourería para gastos xerais deducido do exercicio de 2020, por igual contía, en concepto de dispoñible”.-----

4º) EXPTE. NÚM. 2020008609: PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DE EXPTE. DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO Nº 02/2020. O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da Comisión de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio de 17 de decembro de 2020.

Ao non se producir intervencións, o Sr. Presidente someteu a proposta a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 10 (Grupo Municipal do Partido Popular).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 06 (Grupo Municipal do PS de G-PSOE, Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e Sr. Torres Pérez, do Grupo Municipal Mixto).

En consecuencia, pola **maioría absoluta dos seus membros de dereito, o Pleno da Corporación adoptou o seguinte acordo:**

“-Aprobar o expediente de crédito extraordinario Nº 2/2020, por importe de 188.179,52 euros, con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais deducido da liquidación do ano 2019, para dotar de crédito á aplicación orzamentaria 15101 6000, condicionada a súa eficacia á verificación do remanente de tesourería para gastos xerais deducido do exercicio de 2020, por igual contía, en concepto de dispoñible.”-----

5º) EXPTE. NÚM. 2020008609: PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DE EXPTE. DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO 03/2020. O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da Comisión de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio de 17 de decembro de 2020.

Ao non se producir intervencións, o Sr. Presidente someteu a proposta a votación, alcanzándose o seguinte resultado:



Votos a favor: 10 (Grupo Municipal do Partido Popular).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 06 (Grupo Municipal do PS de G-PSOE, Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e Sr. Torres Pérez, do Grupo Municipal Mixto).

En consecuencia, pola **maioría absoluta dos seus membros de dereito, o Pleno da Corporación adoptou o seguinte acordo:**

“-Aprobar o expediente de crédito extraordinario Nº 3/2020, por importe de 374.526,48 euros, con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais deducido da liquidación do ano 2019, para dotar de crédito á aplicación orzamentaria 15301 60100, condicionada a súa eficacia á verificación do remanente de tesourería para gastos xerais deducido do exercicio de 2020, por igual contía, en concepto de dispoñible”..-----

6º) EXPTE. NÚM. 2020008609: PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DE EXPTE. DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO Nº 01/2020. O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da Comisión de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio de 17 de decembro de 2020.

Ao non se producir intervencións, o Sr. Presidente someteu a proposta a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 10 (Grupo Municipal do Partido Popular).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 06 (Grupo Municipal do PS de G-PSOE, Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e Sr. Torres Pérez, do Grupo Municipal Mixto).

En consecuencia, pola **maioría absoluta dos seus membros de dereito, o Pleno da Corporación adoptou o seguinte acordo:**

“-Aprobar o expediente de suplemento de crédito Nº 1/2020, por importe de 215.537,55 euros, con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais deducido da liquidación do ano 2019, para dotar de crédito á aplicación orzamentaria 15301 32500, condicionada a súa eficacia á verificación do remanente de tesourería para gastos xerais deducido do exercicio de 2020, por igual contía, en concepto de dispoñible.”-----

7º) PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA CONSTITUÍR O COMITÉ DE EXPERTOS DOS SERVIZOS DA CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DO CICLO DA AUGA.

Sr. Presidente:

Antes de dar lectura o Sr. Secretario, o Grupo Popular imos presentar una emenda a este punto e vaina a ler a Sra. Deza.



A Sra. Deza Martínez, voceira do Grupo Municipal do PP, deu lectura á emenda que, a continuación, se transcribe literalmente:

“ENMENDA DE ADICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR Á PROPOSTA PRESENTADA PARA O NOMEAMENTO DO COMITE DE EXPERTOS DOS SERVIZOS DA CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DO CICLO DA AUGA

A Comisión Informativa de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio, na sesión extraordinaria do día DEZASETE DE DECEMBRO DE DOUS MIL VINTE, ditaminou, por maioría absoluta, o seguinte acordo:

"Propoñer ao Pleno da Corporación, como órgano competente, que se constituía un comité de técnicos segundo o art. 41 do prego de condicións, para determinar as controversias das liquidación do apartado 2 e 3 do ciclo da auga 1995-2019, como se indica pola intervención xeral (...)

Propoñer ademais que no mesmo punto do día se proceda a fixar o sistema de sorteo que se empregará para a formación do citado comité técnico, precisando que en ningún caso será inferior a 3 membros"

Proponse a adición á proposta de acordo do seguinte punto:

Determinar que o sorteo realizárase entre catro peritos, dous nomeados a elección da empresa concesionaria e dous polo Concello. Sanxenxo, 21 de decembro de 2020”

Esta emenda presentámola, porque na propia Comisión de Contas debatestes sobre a posibilidade de que fose así, é dicir que o número de membros que constituíse esta votación fose de catro, dous a elección da empresa e dous a elección do concello, pero non se chegou a ditaminar, non chegastes a acordar nesa comisión que fose así, por tanto queremos propoñer que se engada este punto á proposta do goberno.

Sr. Presidente:

Hai que votar agora a emenda?.

Sr. Secretario:

A emenda e a proposta vótanse ao final do debate.

O **Sr. Secretario** dá conta do ditame favorable da Comisión de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio de 17 de decembro de 2020.

Sr. Torres Pérez, voceiro do Grupo Municipal Mixto:

Nós, ímonos abster neste punto, porque realmente, a min, non me queda claro este punto. Dicar que é por unhas cláusulas que ten o contrato, que o concello dicía que a empresa tiña que asumir uns cargos, a empresa dicía que non, realmente, despois, a empresa dixo que se, accedeu a facer eses cargos, despois, por petición do Concello, segundo estou a entender, se non me equivoco, co informe do interventor e todo, pasóuselle á empresa que tiña que pagar unha cantidade, por esas compras que tiña que facer ou esas cláusulas que non estaban ben, de acordo e, a empresa accedeu e fixo un pago ao Concello, por iso agora, polo que eu entendo, estáselle pedindo á empresa unha cousa que, atrás, xa o Concello pediulle á empresa e aceptou e, como non vexo claro que vaiamos a gañar, porque pode ser que o Concello diga: “*bo, non, porque á empresa perténcelle pagar mais por esas cláusulas*”, a cantidade que sexa, pero pode ser que non, eu como non o teño claro, vou abster.



Sra. Fernández Agraso, voceira do Grupo Municipal do BNG:

Non é como di o señor Torres, hai unhas controversias, estas controversias veñen desde hai moitísimos anos, creo que tantos anos como ten o contrato, moitas delas. Hai unha serie de controversias, unha das controversias solucionáronse, que son ás que se refire o señor Torres e que a empresa lle pagou ao Concello, mesmo houbo outras, como ás dos raios UVA e demais, que foi o Concello quen as asumiu, esas controversias están solucionadas, ou presumiblemente solucionadas, segundo o informe de intervención, pero hai un par de controversias, bo, algunha mais, que esas non foron solucionadas, non é que se está a pedir mais nin menos, senón que non foron solucionadas é mais, mesmo para chegar á controversia, non sei se vos acordades, xa nos plenos anteriores, sobre todo os que xa levamos aquí moitos anos, había unha controversia sobre cantas altas, chegado creo que era as 1.400 altas, Espina & Delfin tiñanos que dar catro millóns de euros, esa controversia tardamos moitísimos anos, bo, tardou o Partido Popular, daquela, en dirimir se esas altas estaban dadas ou non estaban dadas, ao final non estaban dadas e esa controversia tamén caeu, pero era unha controversia que viña en cada orzamento, en cada informe de intervención, cada vez que había orzamentos, viña abaixo, dicindo que había esta controversia que había que solucionar, o mesmo que vén estas outras controversias, ano tras ano, ano tras ano. Dito isto, esta emenda é unha proposta que fixo o BNG na propia comisión, porque claro, segundo dicían alí, eran tres e tres, tres por parte da empresa, tres por parte do Concello e había que elixir tres, se cadra tiñamos tan mala sorte, como nós cos xulgados temos tan mala sorte, ao mellor, no bombo, tamén tiñamos mala sorte e saíannos tres da empresa. Entón, o que quería era, de saír adiante o Comité de Expertos, polo menos, asegurarnos que un deles sexa do Concello, por tanto, 2-2, saíndo 3, tanto a empresa como o Concello asegurámonos que estea representado os intereses das dúas partes, esa era a proposta do BNG, pero tamén deixabamos claro que faciamos esa proposta porque era mellor que a que propoñían vostedes, pero non porque nós estivésemos de acordo co Comité de Expertos, que era algo que tiñamos que estudar. Efectivamente ese Comité de Expertos vén nunha cláusula do contrato da auga, pero claro, é que o contrato está rematado, estamos a falar de algo que está rematado, agora estamos nunha continuidade, iso quédonos ben claro en todas as comisións, isto non é unha prórroga, é unha continuidade e, ese Comité de Expertos, é algo que tiña que ter sido constituído no seu momento, houbo vinte e cinco anos para constituílo, porque, de feito, pon que se debía constituír no momento que haxa controversias, estas controversias quedaron ben claras, son moi anteriores, algunhas delas, mesmo no inicio do contrato, por tanto, este Comité de Expertos, agora mesmo, é extemporáneo, quere dicir que unha vez rematado o contrato, non podemos acollernos a unha cláusula dese contrato, que resulta que xa está rematado, houbo unha prórroga no ano 2009, onde non levou a ese Comité de Expertos para solucionar esas controversias, en cambio prorrogouse, unha prórroga no ano 2019, onde non se creou, de novo, ese Comité de Expertos e, de novo, houbo unha prórroga cando, a priori, tiñamos entendido que non se podía prorrogar, ao final púidose prorrogar, mesmo agora continuar co servizo. Pero o que se é certo e que é un tema de calado importante, é un tema con discrepancias complexas, onde, segundo intervención, nos dixo na comisión, poden estar en xogo ata dous millóns de euros, por tanto, hai que solucionarlas, iso é así, tamén é certo que este Comité de Expertos non é vinculante, é dicir, poden facer os informes que queira, que



se unha das dúas partes non está de acordo, acabamos no xulgado, iso é así, e presumiblemente, se falamos de dous millón de euros, seguramente isto acabe no xulgado. Nós, o que propoñemos, é que debe tratarse mais ben dunha intermediación real, como unha arbitrase, pero a través dunha administración superior, que iso nos fará o mesmo traballo, seguramente chegarán ás mesmas conclusións, pero, aínda por encima, non nos custaría cartos, que isto se que nos vai custar pois uns cartos públicos. Entón, insistimos en que este comité estaría ben que fose convocado no momento que o contrato estaba vixente, agora non dá lugar e propoñemos iso, que esas controversias hai que solucionarlas, pero que vaíamos a unha arbitrase dunha administración superior, esa é a nosa proposta.

Sra. Fervenza Celestino, voceira do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE:

Eu, nesa comisión, co que quedei realmente é co que dicía o señor interventor, que existe unha cláusula na que pon que, cando hai controversias, neste caso era a palabra famosa, é necesario pasar polo trámite do Comité de Expertos, para poder logo ir a xuízo, que é onde acabaremos indo. Entón se é un tramite previo necesario, é un requisito que temos que cumprir, por tanto, non acabo de entender moi ben cal é o problema nisto e, segundo comentouse, niso se que faría fincapé, en que os custos de contratación destas persoas fosen a cargo da empresa, non sei que cabida legal ten iso, pero bo, se que sería algo interesante e pouco mais, non lle vexo maior problema a este punto, a verdade.

Sra. Deza Martínez:

Como acaba de dicir Ainhoa, efectivamente, o que se fai, é constituír este Comité de Expertos para intentar dirimir as controversias existentes no contrato, como ben dixo Sandra, hai unhas de contía bastante importante e, obviamente, isto é un paso previo ao contencioso, porque, probablemente, senón se resolveu ata agora, probablemente non o resolvamos con ese ditame, pero é un paso previo ao contencioso posterior.

Sra. Fervenza Celestino:

Unha cousa, esquecíaseme que o señor Telmo díxome que chamase a Madrid para pedirlle o millón de euros, que se, que o fago, vou chamar a Madrid, porque sen o PSOE, neste Concello, non hai diñeiro, sen o PSOE, non hai Deputación, un Plan Concellos, que permita facer investimentos ...

Sr. Presidente:

A ver, a ver, non faga o mitin agora, señora Fervenza.

Sra. Fervenza Celestino:

Se, se, mo dixo e eu teño que contestarlle.

Sr. Presidente:

E agradecerémosllo.

Sra. Fervenza Celestino:

Eu pídolle diñeiro para que vostede xestíoneo, non como vostede, que o único que trouxo para este Concello é un colexio que xa tiña que ter vinte anos feito e unha rúa



Progreso a cambio dunha alcaldía, non é o mesmo, eu se que llo pido.

Sr. Presidente:

Vostede sabe que, en xeral, os veciños de toda España son soberanos, pero, particularmente, os de Sanxenxo, á parte diso son intelixentes.

Sra. Fervenza Celestino:

Se, se que o son, o se que se.

Sra. Fernández Agraso:

Se fose un trámite legal ineludible do contrato, primeiro, xa tería que estar feito, e segundo, non faría falta que viñese a pleno, porque é un tema administrativo, quero dicir, que no momento que vén a pleno, non é obrigatorio crear ese Comité de Expertos, era unha cláusula de algo que se podía facer de haber controversias, non se fixo no momento no que estivo o contrato. Terminado o contrato, farémolo, pero desde logo, non é un trámite legal, porque a cláusula pon claramente que é durante o contrato, se xorden controversias, está rematado o contrato, podemos crealo? Se. Van crear? Se. Nós ímonos abster, van crear? Se. Tamén é certo que o que diga ese Comité de Expertos non é vinculante para nada? Non. Que isto vai acabar nos xulgados? Se. Que están en xogo, segundo intervención, dous millóns de euros? Pois teremos que pelexar por eles, evidentemente, quero dicir que se fose algo legal ineludible, non nos absteríamos, nós sempre votamos con responsabilidade, pero non, este é un tema que intervención propón a alcaldía de facelo e a alcaldía tráeo a pleno, nada mais.

Sr. Presidente:

Eu creo que todos os que estamos, os dezasete compañeiros que formamos a Corporación, creo que estaremos de acordo que a empresa Espina & Delfin, desde o ano 95, vén prestando un servizo satisfactorio no Concello e, por tanto, creo que é un paso previo ao que comentaba a señora Deza e creo que o debemos facer así, ou sexa, que se puido facer antes ou non, pero eu creo que facendo este tema, despois xa se mirará o resultado deste comité e, quen estea nese momento, xa lle tocará decidir se se vai a un contencioso, se non se vai ou a propia empresa, pero eu creo que é elegante facer o tema este, nestes momentos.

Sra. Fernández Agraso:

Nós non falabamos tampouco de ir ao contencioso directamente, falabamos dunha arbitrase dunha administración superior, que quede claro que en ningún momento queremos ir directamente a un contencioso, xa temos bastantes, senón a unha arbitrase dunha administración superior, que nos vai saír bastante mais barato que este comité.

Sr. Presidente:

Entón imos a proceder ao punto, coa emenda que presentamos.



Sr. Secretario:

Pero en primeiro lugar hai que votar a emenda, para ver se se incorpora xa, primeiro a emenda e, despois, unha vez que se aprobe a emenda, votárase o ditame coa emenda incorporada.

Sra. Fernández Agraso:

E como fago eu? A emenda propúxena eu, resulta que tal... nós ímonos abster, entón.

Sr. Presidente:

Xa o dixemos, que a emenda a traemos porque eu lle comentei aos compañeiros, previo a isto, de que Sandra Fernández, do BNG, voceira, eu díxenlle...

Sra. Fernández Agraso:

Non Telmo, a ver, absterme nunha emenda que fixen eu, porque me vou abster logo, no punto, entendes?

Sr. Presidente:

Vale vale...

Sra. Fernández Agraso:

A iso vou.

Sr. Presidente:

Pois non está nada ben que te absteñas no punto. Pero fóra de micros dígoche porque.

Ao non se producir máis intervencións, o **Sr. Presidente** someteu a **votación a inclusión da emenda no ditame da comisión**, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 15 (Grupo Municipal do Partido Popular, Grupo Municipal do PS de G-PSOE, Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 01 (Sr. Torres Pérez, concelleiro do Grupo Municipal Mixto).

En consecuencia, pola **maioría absoluta dos seus membros de dereito**, o **Pleno da Corporación acordou incluír a emenda no texto do ditame da Comisión de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio.**

Ao non se producir máis intervencións, o **Sr. Presidente** someteu a proposta a votación, coa emenda incorporada, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 13 (Grupo Municipal do Partido Popular, Grupo Municipal do PS de G-PSOE).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 03 (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e Sr. Torres Pérez, concelleiro do Grupo Municipal Mixto).



En consecuencia, pola **maioría absoluta dos seus membros de dereito, o Pleno da Corporación adoptou o seguinte acordo:**

PRIMEIRO: constituír un comité de técnicos segundo art. 41 do prego de condicións, para determinar as controversias das liquidación do apartado 2 e 3 do ciclo da auga 1995-2019, como se indica pola intervención xeral No obstante, se solicita en este apartado que se mantenga a mi criterio y como ruego, subsistentes estas liquidaciones y derívase este asunto a un comité de expertos que, por añadidura a los dos informes jurídicos citados dejen clara la cuestión que lamentablemente a pesar de todos los hechos jurídicos analizados, viene arrastrándose desde hace 25 años"

Propoñer ademais que no mesmo punto do día se proceda a fixar o sistema de sorteo que se empregará para a formación do citado comité técnico, precisando que en ningún caso será inferior a 3 membros.

SEGUNDO: determinar que o sorteo realizárase entre catro peritos, dous nomeados a elección da empresa concesionaria e dous polo Concello.-----

8º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA, DE 02 DE DECEMBRO DE 2020, DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA AO ABEIRO DO PLAN CONCELLOS 2018/2019. Polo Sr. **Secretario** dáse conta da resolución da alcaldía, de data 02 de decembro de 2020, que di:

“En relación á Resolución da Alcaldía de data 13/11/2020 referente ás solicitudes de subvencións á Deputación de Pontevedra en relación aos investimentos solicitados e executados nos que houbo diferencias entre o orzamento solicitado e o custe efectivamente xustificado e liquidado, ao abeiro da “Liña 1. Investimentos” das Bases Reguladoras de convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos 2018-2019) publicadas no BOP nº 2, do 3 de xaneiro de 2018, o Concello de Sanxenxo dispón dun sobranse de 121.758,49 € das baixas xeradas nos investimentos

Solicitouse pola sede electrónica da Deputación de Pontevedra, entre outras; a actuación:

- REPARACIÓN FUGA AUGA EN REDE MUNICIPAL AUGAS RESIDUAIS - RÚA DOCTOR LALINDE DEL RÍO, 8 - PORTONOVO (ADINA), INVESTIMENTO DE 6.115,80 €, con nº rexistro WEB2020039875
O día 25/11/2020 dende a Deputación recíbese requirimento de emenda de defectos indicando literalmente: “*dado o infome de Intervención Provincial, non procede a reinversión da baixa porque a actual solicitude de reinversión non ten cabida na liña 1, xa que é un gasto corrente, polo que o Concello terá que formular unha nova solicitude axustada ao previsto nas Bases POS 2018-2019 para esta liña 1*”
Polo exposto anteriormente, R E S O L V O:

1.Anular da devandita Resolución, todo o referente ao investimento: “REPARACIÓN FUGA AUGA EN REDE MUNICIPAL AUGAS RESIDUAIS - RÚA DOCTOR LALINDE DEL RÍO, 8 - PORTONOVO (ADINA)”

2.Formular unha nova solicitude para a realización da actuación:”SINALIZACIÓN DA SERVIDUME DE ACCESO AO MAR E DOS SENDEIROS AZUIS DO LITORAL” por importe de 6.115,68 euros.

3.Solicitar á Deputación de Pontevedra a acumulación das baixas do exercicio 2018 para a súa aplicación no investimento indicado, así como a súa aprobación e autorización da realización do mesmo.



4.Solicitar para a realización do investimento “SINALIZACIÓN DA SERVIDUME DE ACCESO AO MAR E DOS SENDEIROS AZUIS DO LITORAL”, unha subvención por importe de 6.115,68 € con cargo a acumulación das baixas do exercicio 2018 da Liña 1 do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019.

5.Colaborar no seu financiamento achegando a contía de 0,00 euros. O órgano que adopta este acordo é o competente para comprometer esta achega.

6.Previo a aprobación da memoria redactada polo Enxeñeiro Técnico Municipal denominado: SINALIZACIÓN DA SERVIDUME DE ACCESO AO MAR solicitouse autorización sectorial a Axencia Galega de Infraestruturas da Xunta de Galicia por estar afectado polas actuacións a levar a cabo, (envíase copia da solicitude).”

A Corporación deuse por decatada.-----

9º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO PLAN ANUAL DO CONTROL INTERNO. Pola alcaldía dáse conta ao Pleno da Corporación Municipal do plan anual de control financeiro realizado pola intervención municipal, onde recóllense as actuacións de control permanente e auditoría pública a realizar durante 2019, de acordo co establecido no artigo 31 do RD 427/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local.

O plan anual de control financeiro consta de 18 paxinas, numeradas do 1 ao 18, coa denominación expediente núm. 1-intervencion/2020.

A Corporación deuse por decatada.-----

E non habendo máis asuntos dos que tratar, a presidencia da por rematada a sesión sendo as nove horas e cincuenta e tres minutos, de todo o que eu, como **Secretario, DOU FE:**

